

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 28 DE ABRIL DE 2026**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

### **INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz

### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e un minuto do día vinte e oito de abril do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE ABRIL DE 2026 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 23 DE ABRIL DE 2026**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas das sesións ordinaria celebrada en data 21 de abril de 2026 e extraordinaria celebrada en data 23 de abril de 2026, das que se entregaron copias coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia soméntese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria realizada en data 21 de abril de 2026 e da sesión extraordinaria realizada en data 23 de abril de 2026.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Orde de 13 de abril de 2026, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT235A). DOG número 75, de 23-04-2026.

- Dirección Xeral de Cultura, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Resolución de 14 de abril de 2026, pola que se regulan as condicións para a participación na plataforma de novidades editoriais a que fai referencia a Orde de 13 de abril de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia (código de procedemento CT235A). DOG número 75, de 23-04-2026.

### **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 17 ao 23 de abril 2026, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 299/2026 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 316/2026, segundo se relacionan a continuación:

<b>Nº decreto</b>	<b>Data sinatura</b>	<b>Asunto</b>
299/2026	17-04-2026	Aprobar a lista provisional dos/das aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo convocado para a elaboración de relación de candidatos/as para a cobertura dunha praza de funcionario/a interino/a de xefe/a de unidade de réxime interior, encadrado na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnicos/as medios/as, pertencentes ao subgrupo "A2"
300/2026	17-04-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 21 de abril de 2026
301/2026	17-04-2026	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 10.03.2026, no que se emite informe de reparo suspensivo tendo en conta o informe emitido pola responsable da Axencia de Desenvolvemento local en funcións de xefa da área de Urbanismo e Réxime interior en ausencia do titular, con data 15.04.2026. Aprobar as facturas por importe total de 976,51 euros
302/2026	20-04-2026	Convocatoria ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes de data 23.04.2026
303/2026	20-04-2026	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos/as para nomeamentos de técnicos/as de xestión de Administración Xeral interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras
304/2026	20-04-2026	Aprobar a liquidación do Imposto sobre o valor engadido do primeiro

		trimestre do ano 2026, saldando o importe das cotas de IVE repercutido por 467,97 euros, e o das cotas do IVE soportado por 9.404,79 euros, do que resulta un deudor por IVE a favor do Concello de 8.936,82 euros
305/2026	21-04-2026	Aprobar, con efectos do 1 de setembro de 2025, a relación de catro baixas no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025, mes de setembro
306/2026	21-04-2026	Nomear a JCG como enxeñeiro técnico de obras públicas interino, encadrado na escala de Administración Especial, Subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A-2" por acumulación de tarefas, polo período máximo de nove (9) meses, isto de conformidade co art. 23.2 d) da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia
307/2026	22-04-2026	Revogar con efectos 1 de xaneiro de 2026, as bonificacións do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos nas cotas da taxa por subministración de auga potable e da taxa pola rede de sumidoiros, por non achegar debidamente a documentación acreditativa da súa situación familiar, de convivencia ou económica, ou non estar empadroadado na vivenda obxecto de bonificación, conforme ao establecido no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros e no apartado 1 do artigo 5 da ordenanza fiscal núm.15 reguladora da taxa por subministración de auga, segundo o informe emitido polas técnicas dos servizos sociais municipais de data 13.04.2026
308/2026	22-04-2026	Rectificar o apartado primeiro da parte dispositiva das Resolucións do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 291/2026, do 13 de abril e núm. 306/2026, do 21 de abril
309/2026	22-04-2026	Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora accidental no seu informe asinado o día 20.04.2026 e continuar coa tramitación do expediente de organización e execución da XVII xuntanza do maior do vindeiro 26 de abril
310/2026	22-04-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
311/2026	22-04-2026	Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo xoves día 23 de abril de 2026, ás 13.00 horas
312/2026	22-04-2026	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas por importe de 1.669,11 euros en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a BIS, técnica de xestión de administración xeral do Concello de Culleredo, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos suscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo o 16 de outubro de 2025
313/2026	22-04-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
314/2026	22-04-2026	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención, isto tendo en conta o informe emitido pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local en funcións de xefa da Área de Urbanismo e Réxime por ausencia do titular, con data 16.04.2026. Aprobar as facturas por un importe total de 2.057,85 euros

315/2026	23-04-2026	Acollerse este Concello ao incremento da achega autonómica previsto no segundo parágrafo do número 1 da letra A) do anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, na redacción dada pola Orde da Consellería de Política Social e Igualdade, do 26 de marzo de 2026, pola que se actualiza o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia ( DOG núm. 58 do 27.03.2026)
316/2026	23-04-2026	Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor cuxo obxecto é o servizo de transporte para o traslado dos participantes na XVII Xuntanza do Maior (26 abril 2026), por importe de 1.642,21 € (IVE incluído). Adxudicar o contrato menor a COMPOSTELANA S.A.U., por un importde 1.492,92 €, sen IVE (1.642,21 €, IVE incluído)

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo